

O Consello da Cultura Galega: 25 anos de singradura

O vindeiro oito de xullo cumprírase un cuarto de século da promulgación da Lei do Consello da Cultura Galega. Galicia dotábase así dun órgano de seu, ao que resulta difícil atoparlle un análogo no panorama institucional español: un corpo asesor e consultivo dotado de personalidade xurídica propia, unha institución oficial pero ao tempo non dependente das institucións políticas (gobierno, parlamento ou partidos). De certo, unha das poucas creacións orixinais da autonomía galega. Algunhas das claves desa iniciativa tan especial atópanse na propia exposición de motivos da Lei. Dunha banda, menciónase aí o “patrimonio cultural tan vizoso coma o que posúa a nosa nacionalidade”, doutra banda, fábase de que a autonomía política das comunidades con personalidade histórica propia debe constituír unha salvagarda fronte ás tendencias uniformizadoras dos poderes centralizados.

Se pensamos en motivacións máis concretas, debemos lembrar que Galicia vira formalmente recoñecido o seu carácter de nacionalidade histórica, teoricamente ao pe de Cataluña e o País Vasco, non tanto por mor do arraigo popular e forza electoral das súas organizacións políticas nacionalistas, senón por posuír unha cultura propia expresada nunha lingua de seu. A creación do Consello respondía á percepción ben fundada de que a cultura e a lingua eran elementos fundamentais para outorgar lexitimidade popular ao proceso autonómico galego.

Unha institución asesora e representativa

Tanto a idea de crear un Consello da Cultura Galega coma o propio modelo que finalmente tomou corpo na Lei xurdiron daquel grupo político e intelectual que exerceu unha notable influencia durante todo o proceso de xestión do Estatuto de Autonomía de Galicia, consituído polos denominados ‘galeguistas históricos’. A presenza de persoeiros deste grupo deixábase sentir con forza así no primeiro Parlamento de Galicia (Ramón Piñeiro, Carlos Casares, Benxamín Casal) coma na primeira Xunta de Galicia (Xerardo Fernández Albor e Xosé F. Filgueira Valverde).

A Lei da súa creación determina a composición e obxectivos fundacionais do Consello da Cultura. O seu órgano central é un Plenario, con carácter representativo tanto das institucións canto das personalidades máis relevantes da cultura galega: dunha banda, a Real Academia Galega, a Universidade, os museos ou o Instituto da Lingua Galega; doutra banda, dez individuos elixidos a título persoal. As súas funcións despreganse en dous ám-

El Consello da Cultura Galega: 25 años de singladura

El próximo ocho de julio se cumplirá un cuarto de siglo de la promulgación de la Ley del Consello da Cultura Galega. Galicia se dotaba así de un órgano de por sí, al que resulta difícil encontrarle un análogo en el panorama institucional español: un cuerpo asesor y consultivo dotado de personalidad jurídica propia, una institución oficial pero al tiempo no dependiente de las instituciones políticas (gobierno, parlamento o partidos). A ciencia cierta, una de las pocas creaciones originales de la autonomía gallega. Algunas de las claves de esa iniciativa tan especial se encuentran en la propia exposición de motivos de la Ley. De un lado, se menciona ahí el “patrimonio cultural tan floreciente como el que posea nuestra nacionalidad”, de otro lado, se habla de que la autonomía política de las comunidades con personalidad histórica propia debe constituir una salvagarda frente a las tendencias uniformizadoras de los poderes centralizados.

Si pensamos en motivaciones más concretas, debemos recordar que Galicia había visto formalmente reconocido su carácter de nacionalidad histórica, teóricamente el pie de Cataluña y el País Vasco, no tanto por causa del arraigo popular y fuerza electoral de sus organizaciones políticas nacionalistas, sino por poseer una cultura propia expresada en una lengua de por sí. La creación del Consello respondía a la percepción bien fundada de que la cultura y la lengua eran elementos fundamentales para otorgar legitimidad popular al proceso autonómico gallego.

Una institución asesora y representativa

Tanto la idea de crear un Consello da Cultura Galega como el propio modelo que finalmente tomó cuerpo en la Ley surgieron de aquel grupo político e intelectual que ejerció una notable influencia durante todo el proceso de gestación del Estatuto de Autonomía de Galicia, constituido por los denominados ‘galleguistas históricos’. La presencia de figuras de este grupo se dejaba sentir con fuerza así en el primer Parlamento de Galicia (Ramón Piñeiro, Carlos Casares, Benxamín Casal) como en la primera Xunta de Galicia (Xerardo Fernández Albor y Xosé F. Filgueira Valverde).

La Ley de su creación determina la composición y objetivos fundacionales del Consello da Cultura. Su órgano central es un Plenario, con carácter representativo tanto de las instituciones cuanto de las personalidades más relevantes de la cultura gallega: de un lado, la Real Academia Galega, la Universidad, los museos o el Instituto da Lingua Galega; de otro lado, diez individuos

bitos complementarios: a análise e valoración das necesidades culturais do pobo galego, e o alto asesoramento aos poderes públicos en materia cultural.

Para desenvolver a súa acción, o Consello pode convidar expertos, crear comisións e organizar seccións especializadas. Así foron aparecendo seccións como as de Lingua, Antropoloxía Cultural, Artes Plásticas, Arquitectura, Patrimonio, Comunicación ou Ciencia, Técnica e Sociedade. Ao tempo, e para cubrir necesidades que non eran atendidas desde outras instancias, o Consello creou tres centros de documentación, dedicados á emigración (Arquivo da Emigración Galega), a música e os rexistros sonoros (Arquivo Sonoro de Galicia) e a lingua (Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia). Máis recentemente, respondendo a unha demanda novidosa creou un sitio web, o portal 'culturagalega.org'.

A traxectoria da institución pode ilustrarse citando os nomes dos seus sucesivos presidentes: Ramón Piñeiro (1983-1990), X.F. Filgueira Valverde (1990-96), Carlos Casares (1996-2002), Alfonso Zulueta (2002-06) e o actual, Ramón Villares (2006-...).

Unha acción ao servizo da cultura galega

A actuación do Consello despregouse en distintos ámbitos, non sempre visibles. Algunhas das súas iniciativas máis importantes foron a creación do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), do Termigal (Centro de terminoloxía da lingua galega) ou a Escola Superior de Arte Dramática. No seu momento marcou un fito a exposición 'Galicia-América: cinco séculos de historia' (1992), a primeira iniciativa de relevo cara á proxección internacional da cultura galega, especialmente nos medios da emigración. Tamén foron moi importantes os congresos internacionais sobre Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, Martín Sarmiento e Curros Enríquez. Finalmente, son de salientar as distintas iniciativas en defensa da lingua galega, a favor da protección do Camiño de Santiago e do medio ambiente, así coma os estudos e informes no ámbito da comunicación.

Así e todo, a actuación do Consello estivo fortemente condicionada polo contexto político. Nos anos '80, era unha institución aínda nacente, que actuaba ao lor do proceso relativamente dinámico de consolidación das institucións autónomas. A década dos '90 foi a das maiorías absolutas de Fraga, que chegou con pulo a Galicia pero acabou aferrollando o país no inmovilismo. Naquelas condicións, unha institución independente coma o Consello da Cultura acabou por ser contemplada como unha interquinenca, e foi progresivamente condenado ao ostracismo. Se cadra, o momento máis crítico que viviu a institución chegou cando a Xunta decidiu pór en marcha un proxecto da magnitude da Cidade da Cultura ignorando olímpicamente o seu asesoramento. Actualmente, nun ambiente máis aberto e baixo a Presidencia de R. Villares, o Consello está tentando recentrar os seus esforzos.

Pero o futuro do Consello pende da resposta que se dea a unha serie de interrogantes, coma os seguintes: ¿A Xunta e as outras institucións galegas (Parlamento...) están dispostas a con-

elegidos a título personal. Sus funciones se despliegan en dos ámbitos complementarios: el análisis y valoración de las necesidades culturales del pueblo gallego, y el alto asesoramiento a los poderes públicos en materia cultural.

Para desarrollar su acción, el Consello puede invitar expertos, crear comisiones y organizar secciones especializadas. Así fueron apareciendo secciones como las de Lengua, Antropología Cultural, Artes Plásticas, Arquitectura, Patrimonio, Comunicación o Ciencia, Técnica y Sociedad. Al tiempo, y para cubrir necesidades que no eran atendidas desde otras instancias, el Consello creó tres centros de documentación, dedicados a la emigración (Archivo de la Emigración Gallega), la música y los registros sonoros (Archivo Sonoro de Galicia) y la lengua (Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia). Más recientemente, respondiendo a una demanda novedosa creó un sitio web, el portal 'culturagalega.org'.

La trayectoria de la institución puede ilustrarse citando los nombres de sus sucesivos presidentes: Ramón Piñeiro (1983-1990), X.F. Filgueira Valverde (1990-96), Carlos Casares (1996-2002), Alfonso Zulueta (2002-06) y el actual, Ramón Villares (2006-...).

Una acción al servicio de la cultura gallega

La actuación del Consello se desplegó en distintos ámbitos, no siempre visibles. Algunas de sus iniciativas más importantes fueron la creación del Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), del Termigal (Centro de terminología da lingua galega) o la Escola Superior de Arte Dramática. En su momento marcó un hito la exposición 'Galicia-América: cinco siglos de historia' (1992), la primera iniciativa de relevo hacia la proyección internacional de la cultura gallega, especialmente en los medios de la emigración. También fueron muy importantes los congresos internacionales sobre Rosalía de Castro, Otero Pedrayo, Martín Sarmiento y Curros Enríquez. Finalmente, son de resaltar las distintas iniciativas en defensa de la lengua gallega, a favor de la protección del Camino de Santiago y del medio ambiente, así como los estudios e informes en el ámbito de la comunicación.

Así y todo, la actuación del Consello estuvo fuertemente condicionada por el contexto político. En los años '80, era una institución aunque nacente, que actuaba por causa del proceso relativamente dinámico de consolidación de las instituciones autónomas. La década de los '90 fue la de las mayorías absolutas de Fraga, que llegó con impulso a Galicia pero acabó *aberrojando* el país en el inmovilismo. En aquellas condiciones, una institución independiente como el Consello da Cultura acabó por ser contemplada como un obstáculo, y fue progresivamente condenado al ostracismo. Si cuadra, el momento más crítico que vivió la institución llegó cuando la Xunta decidió poner en marcha un proyecto de la magnitud de la Ciudad de la Cultura ignorando olímpicamente su asesoramiento. Actualmente, en un ambiente más abierto y bajo la Presidencia de R. Villares, el Consello está intentando recentrar sus esfuerzos.

Pero el futuro del Consello depende de la respuesta que se de a una serie de interrogantes, como los siguientes: ¿La Xunta y las otras instituciones gallegas (Parlamento...) están dispuestas a con-

tar cunha institución de alto asesoramento, cun perfil experto, comprometido coa cultura galega, pero politicamente neutral e independente? ¿Callará a convicción de que certos aspectos da política cultural (como a concesión de subvencións) deben rexerse por criterios obxectivos, e non atoparse á discreción dos cargos políticos? ¿Grandes proxectos como a Cidade da Cultura van ser definidos e xestionados con visión estratéxica ou segundo o ditado de intereses partidistas? Sen dúbida, eses interrogantes non teñen resposta unívoca, pois agochan moitos sarillos que desenlear e unha mancha de problemas que debullar. Así e todo, na nosa modesta opinión, pagaría a pena cando menos intentalo. A reflexión non lle corresponde só (ou tanto) ao Consello coma ao país e os seus representantes. A celebración dos seus vinte e cinco anos ofrece unha ocasión inmejorable para abordala. **G**

Henrique Monteagudo é secretario xeral do Consello Galego de Cultura e codirector de *Grial*.

tar con una institución de alto asesoramiento, con un perfil experto, comprometido con la cultura gallega, pero políticamente neutral e independente? ¿Callará la convicción de que ciertos aspectos de la política cultural (como la concesión de subvenciones) deben regirse por criterios objetivos, y non encontrase a la discreción de los cargos políticos? ¿Grandes proyectos como la Ciudad de la Cultura van a ser definidos y gestionados con visión estratégica o según el dictado de intereses partidistas? Sin duda, esos interrogantes no tienen respuesta unívoca, pues esconden muchas devanaderas que desliar y un montón de problemas que desgranar. Así y todo, en nuestra modesta opinión, valdría la pena cuando menos intentarlo. La reflexión no le corresponde solo (o tanto) al Consello como al país y sus representantes. La celebración de sus veinticinco años ofrece una ocasión inmejorable para abordarla. **G**

Henrique Monteagudo es secretario general del Consello Galego de Cultura y codirector de *Grial*.